



**MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA – INEGA E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A MELLORA DA ILUMINACIÓN ARQUITECTÓNICA NA BIBLIOTECA E SALA CAPITULAR DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

O director do Departamento de Enerxía da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

**DECLARA:** Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca Fundación Catedral de Santiago, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e remata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións básicas entre o INEGA e a FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO, para a realización do proxecto de mellora da iluminación arquitectónica, incluíndo a mellora da súa eficiencia enerxética, da Biblioteca e Sala Capitular da Catedral de Santiago de Compostela, consistentes na substitución do sistema de iluminación actual, baseado en tecnoloxía halóxena, incandescente e fluorescente, por tecnoloxía LED especialmente deseñada para entornos arquitectónicos e a implementación de sensores de presenza de alto rendemento. Esta actuación suporá un aforro enerxético anual do 74,28% respecto da instalación de iluminación existente na actualidade.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre os seus fins figuran “o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias”.





Que a Fundación Catedral Santiago ten entre os seus fins, a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural, así como a xestión, explotación e posta en valor das infraestruturas da Catedral de Santiago, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega alcanzará a cantidade de sesenta e seis mil douscentos cincuenta e nove euros con sesenta céntimos (66.259,60 €) IVE engadido, equivalente ao 80% do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 05.A3.733A.781.0 (proxecto 201600010) do seu orzamento de gastos para o ano 2023, segundo o cadro seguinte:

| Concepto                                          | Cantidade | Importe    | Base imponible | IVE         | TOTAL              |
|---------------------------------------------------|-----------|------------|----------------|-------------|--------------------|
| Luminaria arquitectónica                          | 55        | 1.084,36 € | 59.640,00 €    | 12.524,40 € | 72.164,40 €        |
| Sensores de presenza de alto rendimento           | 4         | 215,00 €   | 860,00 €       | 180,60 €    | 1.040,60 €         |
| Instalación e montaxe                             | 1         | 3.500,00 € | 3.500,00 €     | 735,00 €    | 4.235,00 €         |
| Dirección de obra                                 | 1         | 2.600,00 € | 2.600,00 €     | 546,00 €    | 3.146,00 €         |
| Axustes, cadros, orientación con técnico da marca | 1         | 1.850,00 € | 1.850,00 €     | 388,50 €    | 2.238,50 €         |
| <b>TOTAL</b>                                      |           |            |                |             | <b>82.824,50 €</b> |

No texto do convenioponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de mellorar a eficiencia enerxética do patrimonio histórico, artístico e cultural galego.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director do departamento de Enerxía  
Juan Ignacio Rodríguez Fernández-Arroyo

